

BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DURANTE O CURSO ESCOLAR 2021/2022 CEIP PLURILINGÜE BRAGADE

1) OBXECTO

O obxecto destas bases é organizar o desenvolvemento das actividades extraescolares propostas polo CEIP de Plurilingüe Bragade e pola ANPA dese centro escolar, que contribuirán a unha mellora da calidade educativa prestada ao alumnado que fomenten a integración social, a superación por parte dos alumnos dos retos que a formación supoñen, que promocionen a cultura e o deporte ao tempo que facilitan a conciliación das familias e permitan un desenvolvemento máis sinxelo e eficiente de todos os plans de estudio

2) DESTINATARIOS E CIRCUNSTANCIAS DE SAÚDE

2.1. Terán acceso ao programa de “Actividades extraescolares durante o curso escolar 2021/2022” todos os alumnos que o soliciten, que estean escolarizados no CEIP Plurilingüe Bragade sempre que se axusten aos números mínimos e máximos de viabilidade e á orde de prioridade que se establezan nas presentes bases.

2.2. Calquera circunstancia de saúde que lle poida afectar ao/a menor (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase facer constar expresamente na solicitude, debéndose achegar coa mesma, en sobre pechado, un informe médico sobre a diagnose e contendo, no seu caso, instrucións e actuacións que deberá ter en conta o monitorado. No suposto de que na solicitude se indique a existencia de ditas circunstancias e non acheguen informe médico xunto coa instancia desestimárase a solicitude de participación do/a menor correspondente. O concello de Oza-Cesuras comprométese ao tratamento axeitados destes datos confidenciais, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

2.3. Dada a situación sanitaria na que nos atopamos será obrigatorio o uso de mascarilla por parte dos menores participantes.

2.4. As instalacións estarán adaptadas ás medidas sanitarias e hixiénicas precisas por motivo da crise sanitaria do COVID-19.

3) ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS: DÍAS, HORARIOS, DURACIÓN, PRAZAS MÍNIMAS E MÁXIMAS, LUGARES DE REALIZACIÓN, EMPRESAS ENCARGADAS DA SÚA IMPARTICIÓN E COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN.

3.1.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	EMPRESA ENCARGADA DA IMPARTICIÓN DA ACTIVIDADE	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN
PISCINA	Martes/ Xoves	17:50 a 18:45	10	10	Piscina A Barcala	Hebe Sport S.L.	17.50 €/mes
TAEKWONDO	martes e xoves	15:00 a 16:00	10	15	CEIP Plurilingüe Bragade	Club Kwon Betanzos	9 €/mes
URBAN DANCE	luns	15:00 a 16:00	10	15	CEIP Plurilingüe Bragade	Jocavi S.L.	8 €/mes





INTELIXENCI A EMOCIONAL	venres	15:00 a 16:00	10	15	CEIP Plurilingüe Bragade	Jocavi S.L.	8 €/mes
LINGUA DE SIGNOS	mércores	15:00 a 16:00	10	10	CEIP Plurilingüe Bragade	Jocavi S.L.	6 €/mes

* *Naquelas actividades en que os lugares de desenvolvemento das actividades non se encontren dentro do recinto escolar os pais ou tutores encargados das nenas e nenos participantes ou persoa autorizada deberán encargarse do seu desprazamento.*

- As actividades extraescolares rematarán o 31 de maio de 2022.

3.2. PRAZAS:

- Se non se acada o número mínimo de participantes indicado para cada unha das actividades extraescolares non se poderán levar a cabo.

Non obstante, o concello se o estimase conveniente poderá establecer un procedemento sumario e urxente para admitir novas solicitudes ata que, alomenos, se cubra o total de prazas mínimas previstas.

- O número máximo de participantes será o indicado para cada unha das distintas actividades extraescolares.

3.3 COTA DE PARTICIPACIÓN

3.3.a. A cota de participación será de devengo trimestral e o seu importe será o que corresponda ao citado periodo segundo os prezos indicados na base 3.1 das presentes bases.

3.3.b. Cada unha das citadas actividades extraescolares poderá ser bonificada nun importe máximo de 3€/mes por causas sociais, culturais, educativas ou similares. Para este efecto, o CEIP dirixirá comunicación ao concello na que se conteña a listaxe dos/as menores a bonificar.

3.4.c. O concello de Oza-Cesuras, previa proposta favorable dos servizos sociais municipais e posterior acordo de aprobación polo órgano competente, bonificará íntegramente a cota de participación dun máximo de **dúas** actividades para cada un dos nenos e nenas empadroados en Oza-Cesuras en función dos ingresos económicos da unidade familiar.

Segundo isto, establece o seguinte baremo:

Bonificación 2 actividades: O límite estaría nunha renda familiar de 10.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a.

Bonificación 1 actividade: O límite estaría nunha renda familiar de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a.

Para estes efectos enténdese por:

a) UNIDADE FAMILIAR: Considérase familia para calcular o baremo de recursos, o matrimonio ou parella, os/as pais/nais ou tutores legais e os/as fillos/as menores que dependan economicamente destes. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co/a solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A



separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

b) RENDA FAMILIAR: O total ingresos obtidos por todos os membros computables da unidade familiar, sexa cal sexa a súa procedencia (rendementos do traballo por conta propia ou allea, pensións, prestacións e subsidios, rendas de capital,...) resultante da suma das casiñas 435(Base imponible xeral) + 460(Base imponible do aforro) do IRPF 2020.

Para a aplicación da bonificación anteriormente indicada deberá presentarse polos pais/nais ou titores dos nenos e nenas participantes nas citadas actividades extraescolares, antes do vindeiro 25 de novembro de 2021, solicitudes no modelo oficial que figura como Anexo II no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.concellodeozacesuras.es.

Xunto coa solicitude asinada polo/a solicitante (pai/nai ou titor/a), deberase presentar a seguinte documentación:

- 1.- D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
- 2.- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).
- 3.- A capacidade económica da unidade familiar calcularáse en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2020); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

- No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2020) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.
 - o No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas polos Servizos Sociais a totalidade das solicitudes presentadas, que emitirán un informe proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.



4. LUGAR E PRAZO DE INSCRIPCIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O prazo de inscrición, que se anunciará na web do concello, comezará ás 00:00h do día 16 de novembro de 2021 e rematará ás 13:00 h do 25 de novembro de 2021 (ambos incluídos).

A solicitude para poder participar nas actividades extraescolares, axustada ao modelo que figura nas presentes bases, poderá presentarse presencialmente no rexistros administrativos municipais, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, cubrindo o formulario dispoñible na páxina web do concello ou ben de xeito telemático mediante o modelo de solicitude xeral dos procedementos normais da sede electrónica do concello (<https://ozadosrios.sedelectronica.es>) achegando á mesma o formulario de solicitude e anexos dispoñible na web do concello para a realización deste trámite.

A admisión para cada unha das actividades será por rigorosa orde de inscrición en calquera dos rexistros municipais indicados no párrafo anterior, e atendendo á orde de preferencia indicada polos solicitantes para cada unha das actividades, sempre e cando non se supere o número máximo de participantes.

No suposto de presentarse máis solicitudes que prazas, coas nenas e nenos que non foran admitidos nas actividades crearase unha lista de reserva e ofertaráselles a actividade no momento en que haxa unha praza vacante.

5. FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento das cotas de participación farase autorizando ao Concello de Oza-Cesuras para o seu cobro mediante domiciliación bancaria que se levará a cabo de xeito trimestral nas seguintes datas aproximadas:

- Entre os días 1 e 10 de xaneiro de 2021 as mensualidades das que se presten actividades no 4º trimestre de 2021.
- Entre os días 1 e 10 de abril de 2022 a correspondente ao 1º trimestre de 2022.
- Entre os días 1 e 10 de xullo de 2022 a correspondente ao 2º trimestre de 2022.

6. BAIXAS NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As solicitudes de baixa nas actividades deberán ser formuladas por escrito e presentadas no rexistro xeral do Concello ou mediante correo electrónico dirixido a cultura.deportes@concellodeozacesuras.es. A estimación da citada baixa conlevará o dereito ao non pagamento das cotas de participación a partires da data na que se fai efectiva a baixa e suporá que a dita praza quede vacante e poderá ser cuberta con nenas e nenos da lista de agarda.





9) DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR:

- **En todos os casos:**

- 1.- Anexo I (SOLICITUDE ACTIVIDADES)
- 2.- D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
- 3.- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).
- 4.- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

- **No caso de solicitar a bonificación da cota de participación en función da unidade familiar:**

- 1.- **ANEXO II** – SOLICITUDE BONIFICACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2021/2022
- 2.- **ANEXO III** – AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA. No caso de non autorizar a consulta da renda da unidade familiar por medio do citado Anexo, achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2020) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria de todos os membros da unidade familiar.
- 3.- **ANEXO IV** – CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2009

Oza-Cesuras, na data indicada na sinatura electrónica
O ALCALDE,
Asdo. José Pablo González Cacheiro





ANEXO I

SOLICITUDE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CEIP PLURILINGÜE BRAGADE (CESURAS)

1. DATOS DA/O NAI / PAI / TITOR		
Nome e apelidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Enderezo	<input type="text"/>	
Código Postal	Municipio	Provincia
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Teléfono	Móbil	Correo electrónico
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2. DATOS DA/O MENOR		
Nome e apelidos	<input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
Curso no que se atopa:		
INFANTIL:	PRIMARIA:	
<input type="checkbox"/> 4º INFANTIL	<input type="checkbox"/> PRIMEIRO	<input type="checkbox"/> CUARTO
<input type="checkbox"/> 5º INFANTIL	<input type="checkbox"/> SEGUNDO	<input type="checkbox"/> QUINTO
<input type="checkbox"/> 6º INFANTIL	<input type="checkbox"/> TERCEIRO	<input type="checkbox"/> SEXTO

3. SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN DO SEU FILLO NA/S ACTIVIDADE/S DE:						
ACTIVIDADE	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN	ORDE DE PREFERENCIA DAS ACTIVIDADES
PISCINA	Martes/ Xoves	17:50 a 18:45	10	Piscina A Barcala	17.50 €/mes	
TAEKWONDO	martes e xoves	15:00 a 16:00	10	CEIP Plurilingüe Bragade	9 €/mes	
URBAN DANCE	luns	15:00 a 16:00	10	CEIP Plurilingüe Bragade	8 €/mes	
INTELIXENCIA EMOCIONAL	venres	15:00 a 16:00	10	CEIP Plurilingüe Bragade	8 €/mes	
LINGUA DE SIGNOS	mércores	15:00 a 16:00	10	CEIP Plurilingüe Bragade	6 €/mes	





4. MANIFESTA:

- Que para a realización de actividade/s arriba indicadas se lle informou suficientemente e nunha linguaxe comprensible sobre as características da actividade na que vai a participar o seu fillo/a e sobre as condicións requiridas para dita participación.
- Que se lle informou de forma suficiente e clara sobre os riscos de dita/s actividade/s e a titulación dos técnicos e medidas de seguridade a adoptar pola organización na relación da/s mesma/s.
- Que carece de contraindicación algunha e dispón das condicións físicas necesarias para a realización de dita/s actividade/s deportiva/s, no seu caso.
- Que coñece e entende as normas reguladoras da/s dita/s actividade/s e está plenamente conforme coa mesma admitindo o seu sometemento á potestade de dirección e/ou disciplinaria da organización.
- Que asume voluntariamente os riscos da actividade/s deportiva/s nas que vai participar o seu fillo e, en consecuencia exime á organización de calquera dano ou prexuízo que poida sufrir no desenvolvemento da/s mesmas. Tal exención non comprende os danos e prexuízos que sexan consecuencia da culpa ou negligencia da organización.

5. DATOS DE DOMICILIACIÓN DO PAGO

Moi Sr. meu:

Prego a Vd. que ata nova orde faga efectivos ó Concello de Oza-Cesuras os recibos librados por dito organismo correspondentes á percepción do servizo arriba indicado, con cargo á conta que se especifica a continuación, da que son titular:

Titular da conta:

NIF:

Número de conta: - - - - -

Entidade bancaria:

Sinatura titular conta

Sinatura e selo da entidade bancaria

Nota: No caso de ter domiciliada algunha actividade nesta mesma conta non é necesaria a validación pola entidade bancaria, se ben esíxese a sinatura do titular.

Oza-Cesuras, a ____ de _____ de 2021

Asdo.- _____

Para formalizar a inscrición é imprescindible estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias do Concello de Oza-Cesuras.

A taxa devéngase o día 1 de cada mes e esíxirase mediante a domiciliación bancaria ata que remate a actividade. Agás que se formalice a baixa na mesma no mes anterior ao que se pretende cesar na actividade.

(*) O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE ANULAR ALGUNHA DAS ACTIVIDADES SE NON SE CUBRE O NÚMERO MÍNIMO DE PRAZAS.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS





ANEXO II

SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES **CURSO 2021-2022**

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos					
D.N.I.					
Pai		Nai		Titor/Titora	
Enderezo					
Teléfono					
Número membros unidade familiar					
Autorizo á consulta dos datos de empadromento da unidade familiar		SI		NON*	

- No caso de non autorizar á consulta dos datos de empadromento da unidade familiar deberá achegar certificado de empadromento colectivo no que apareza o solicitante e os menores obxecto da bonificación.

EXPÓN:

Que tendo coñecemento de que a clausula 3.3 das Bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2021/2022 establecen **BONIFICACIÓN**S para actividades extraescolares para o curso académico 2021/2022 a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as estean escolarizados no CEIP Plurilingue Bragade (Cesuras).

SOLICITA A CONCESIÓN DA SEGUINTE:

Actividades extraescolares (2º ciclo Educación Infantil e Educación Primaria)

NOME DO ALUMNO/ALUMNA	CURSO
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

Oza – Cesuras, _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS



DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Deberán aportarse os seguintes documentos segundo os casos que se especifican (sinale as casillas correspondentes aos documentos que achega):

- D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2020); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e pérdidas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

- No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2020) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.

- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

- O empadramento comprobarase de oficio.





ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA OBTENER DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

As persoas que asinan abaixo, autorizan ao Concello de Oza-Cesuras a solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria de axudas ao estudo para o curso 2021/2022, cando a persoa que consta no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA. PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPUESTO SOBRE LA RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EJERCIZO 2020.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA.

APELIDOS E NOME	
NIF	SINATURA

B.- DATOS DE OUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO O CONTROL DA AXUDA. (Únicamente maiores de 18 anos)

NIF	Apellidos e nome	Sinatura

En Oza-Cesuras, a ____ de _____ de 2021

NOTA: A autorización concedida polos que arriba asinan pode ser revocada en calquer momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.





ANEXO IV

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2007

(para cubrir por todos os solicitantes)

Eu, don/dona _____

con DNI núm. _____, veciño/a de Oza – Cesuras

DECLARO que cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estou ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras.

OzaCesuras, _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____

